

A emigración betanceira a América a través dos expedientes do Arquivo Municipal (1865-1907)

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Análise da emigración betanceira a América a través dos expedientes de 517 emigrantes conservados no Arquivo Municipal de Betanzos durante o período que abranguen os citados expedientes: 1865-1907.

Abstract

Analysis of the emigration of betanceiros to America from the reports of 515 emigrants covering the period 1865-1907.

INTRODUCCIÓN

No Arquivo municipal de Betanzos existe unha serie de «Expedientes relativos a emigración» que abranguen dende o ano 1863 ao 1931.¹ Aínda que, se obviamos o máis antigo (por razóns que logo explicaremos), a serie comezaría en 1865 e remataría en 1907, pois os documentos da última data que figura na carpeta non son expedientes de emigración, abrangendo catro décadas (corenta e dous anos, en realidade) de emigración a «Ultramar». Delas, as dúas últimas serían probablemente as máis importantes no éxodo que se produciu en Galicia cara as terras de América.

Non sabemos que parte da totalidade representan os expedientes conservados, pois hai series anuais que están claramente incompletas. Mesmo dalgún ano non hai ningún, habendo constancia por outras fontes de que neses anos si houbo emigrantes. Nalgúns anos os expedientes están cosidos ou forman un caderno.²


A NECESARIA LICENCIA E A DOCUMENTACIÓN DO EMIGRANTE

Os expedientes máis completos constan de:

- Copia da partida de bautismo.
- Certificado de boa conduta.
- Certificado da Axudantía de Mariña de Sada de non estar inscrito para o servizo na Mariña, no caso dos varóns.
- Certificado do xulgado de non estar procesado.
- Acta de licenza asinada pola persoa que autoriza a marcha: pai, nai viúva, titor, ou esposa no caso dos casados. Esta facíase ante o Alcalde e asinaban tamén dúas testemuñas.

Na acta de licenza figura nalgúns casos a relación dos documentos que se presentan. Ás veces declaran a profesión a que van dedicarse e a finalidade da emigración.

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo Anuario Brigantino.



A persoa que ía emigrar precisaba aportar unha serie de documentos que tiña que presentar diante da Alcaldía: copia da partida de bautismo, certificado do Xulgado de non estar procesada e certificado de boa conduta (que normalmente asinaba o propio Alcalde e nas parroquias rurais o Alcalde de barrio). Ademais, os varóns que aínda non cumpriran o servizo militar tiñan que presentar un certificado da Axudantía de Mariña de Sada de non estar

inscrito para o servizo na Mariña.

En épocas de conflitos bélicos (guerra de Cuba, guerra de África...) a situación militar do emigrante faise máis presente nos documentos. Así, nunha licenza de 1892 dun mozo de dezanove anos especificábase que marcha «para dedicarse al comercio mientras no sea llamado al servicio militar». E noutra do ano seguinte, dun mozo de dezasete anos, aparece con máis amplitude o que semella unha fórmula do escribano: «obligándose además en cumplimiento de lo que preceptua el artículo treinta y cuatro de la vigente ley de Reemplazos a responder de la presentación de su indicado hijo cuando sea llamado à cumplir los deberes que la ley impone á todos los españoles».

Os menores de idade (a maioría de idade estaba nos 23 anos na época analizada) debían estar autorizados a marchar polo pai, titor ou nai (no caso das viúvas ou nais solteiras), quen se presentaba ante o Alcalde e asinaba a chamada «Acta de licencia». No caso das mulleres casadas esta autorización asinábaa o esposo e cando este se atopaba emigrado tiña que «reclamala» (ao igual que aos fillos cando os había) a través dunha carta que a esposa presentaba na Alcaldía co resto dos documentos. Polo mesmo, se o home casado emigraba precisaba licenza da súa esposa.



Carimbo da «Ayudantía Militar de Marina del Distrito de Sada».

CUANTIFICACIÓN DOS EXPEDIENTES POR ANOS

Son un total de 517 os expedientes de emigrantes existentes ou dos que existe algún documento. Deles, 362 corresponden a varóns e 155 a mulleres. O máis antigo vai datado na cabeceira do expediente no ano 1863. Máis isto debe ser un erro, porque a acta está datada en 1873 e asinada polo alcalde dese momento. Corresponde ao emigrante Manuel Martínez Sanjurjo, a quen lle concede a licenza a súa muller. Chama a atención que a partida de bautismo utilizada é do ano 1854, dezanove anos antes! Quizá a tiña preparada para emigrar daquela e logo adiu a viaxe ou ben emigraba por segunda vez.



Carimbo dos «Escribanos de la Antigua Ciudad de Betanzos, Galicia» nun certificado dun expediente de 1854.

O expediente máis antigo sería, pois, do ano 1865 e corresponde a unha muller: Dolores Artime de la Villa, nacida en Betanzos dezanove anos antes, mais filla de pais asturianos, de Boal. O destino da rapaza é un ambiguo «Ultramar».

O derradeiro é do ano 1907 e corresponde ao veciño Manuel Lousa Díaz, persoa que ao seu regreso da Arxentina se instalaría como comerciante de tecidos na cidade betanceira. Posteriores a 1907 hai algúns documentos relacionados coa emigración mais non expedientes, de xeito que aínda que a carpeta que os contén abrangue ata o ano 1931, a serie de expedientes péchase en 1907.

EXPEDIENTES POR ANOS

ANO	MULLERES	VARÓNS	TOTAL
1865	1	0	1
1866	0	4	4
1867	0	3	3
1868	0	8	8
1869	1	6	7
1870	0	7	7
1871	1	13	14
1872	2	27	29
1873	2	7	9
1874	1	14	15
1875	0	3	3
1876	3	1	4
1877	0	2	2
1878	0	2	2
1879	1	7	8
1880	0	9	9
1881	1	3	4
1882	0	1	1
1883	0	0	0
1884	0	1	1
1885-1890	0	0	0
1891	2	7	9
1892	3	21	24
1893	11	33	44
1894	8	28	36
1895	0	1	1
1896	21	24	45
1897	0	0	0
1898	10	14	24
1899	13	18	31
1900	15	14	29
1901	3	9	12
1902	3	9	12
1903	13	12	25
1904	4	15	19
1905	16	13	29
1906	15	22	37
1907	4	5	9
TOTAIS	154	363	517

OS PAÍSES DE ACOLLIDA

Non sempre fica claro o destino do emigrante, aínda que para a administración municipal todos se dirixen a «Ultramar», entendendo como tal América. Moitos repiten na acta de licenza que «tiene vibos deseos de pasar a Ultramar», o que parece unha fórmula do escribano nos expedientes dos primeiros anos.



Tres gravados de papel selado de distintos anos nos que se escribían as actas de licenza.

Cando non tiñan moi claro o punto de destino, este descríbese dun xeito ambiguo: Así, nun consta que se dirixe á La Habana «u otro punto de la Isla de Cuba que crea combeniente», outro ás «Repúblicas de Montivideo y Buenos aires», «pasar a la Isla, republica de Buenos Aires, Montivideo, ó á otra que mejor le convenga», «América del Sur y República Argentina», «América del Sur», «América del Sur ó sea á la República Argentina», «República Argentina o bien para la Oriental del Uruguay», «Rep. de Buenos Aires u otra plaza». A fórmula tiña variantes.

En seis dos expedientes non consta o destino e en tres apenas figura un lacónico «Extranjero» e en dous «Ultramar». Dúas das licenzas son para traballar en «Barcos marítimos» ou «navegación en barcos mercantes» e noutra o destino é ambiguo. Hai un único caso que ten como destino «Ejército de Cuba»

Arxentina

O primeiro país de acollida dos emigrantes betanceiros é, con diferenza, Arxentina. Un total de trescentos expedientes dos cincocentos dezasete teñen como destino a «República de Buenos Aires», a «Provincia de Buenos Aires» ou a República Arxentina. Só nun único caso consta «El Carmen de Patagones. Pvcia. de Buenos Aires» como destino concreto fóra da capital.

Deles, cento setenta e sete son de varóns e cento vintetrés de mulleres. A idade media dos varóns é moi reducida, de 15,5 anos. Moitos dos rapaces non sobrepasan os 13 ou 14 anos, idade na que xa teñen rematado a escolarización e emigran para dedicarse ao comercio ou ao abeiro dalgún parente. A das mulleres é un pouco máis elevada: 19,4 anos. A media dos dous sexos dá unha idade de 17,1 anos.

Cuba

O segundo lugar de destino elixido polos emigrantes betanceiros é Cuba e, máis concretamente, a capital A Habana. En 1901 hai tres casos, nai e fillos, que se dirixen a unha cidade diferente á Habana: Cienfuegos (n^os 378, 379 e 380 da relación).

Un total de cento cincuenta e dous expedientes teñen como destino a Illa de Cuba ou A Habana. Deles cento trinta e cinco corresponden a homes e só dezasete a mulleres. A idade media é de 17,7 anos no caso dos varóns e de 20 anos nas mulleres. Cómpre diferenciar, porén, dúas etapas na emigración a Cuba: antes da guerra colonial que rematou coa intervención armada dos EE.UU. de Norteamérica e a derrota española, e despois desta coa independencia da nova república cubana.

Nesa primeira etapa temos cento oito expedientes de homes (e en moitos casos nenos) e unicamente tres de mulleres (unha delas viaxa co fillo, reclamados polo esposo emigrante).

Na segunda etapa a emigración á illa baixa considerablemente, rexistrándose unicamente corenta e un expedientes con ese destino, aínda que curiosamente aumenta o número de mulleres: catorce.

Como dato anecdótico diremos que o primeiro que aparece dirixíndose a Cuba logo da desfeita colonial é un rapaz de catorce anos que nacera na illa, na cidade de Matanzas.



Uruguai

Un total de dezaseis expedientes teñen como destino o Uruguai, baixo os rubros de «República de Montevideo», ou «Montivideo» e, por último, «República del Uruguay». Hai que contar, ademais, dous casos ambiguos nos que consta como destino «República de Montivideo y Buenos Aires». Dos dezaseis, once son varóns e cinco mulleres.

América do Sul

«América del Sur», sen especificar o país, é o cuarto destino en número de expedientes, cun total de vinte, deles cinco mulleres. Probablemente, a maioría destes dirixiríanse ás terras do Río da Prata, ben arxentinas ou uruguaias.

Destinos testemuñais

Como destinos testemuñais, polo escaso número, hai que considerar os que se dirixen á República de México (catro persoas), Porto Rico (dúas persoas), América do Norte (unha persoa) ou o máis insólito de Santa Isabel de Fernando Póo (unha persoa).

En seis dos expedientes non consta o destino e en tres apenas figura un lacónico «Extranjero» e en dous «Ultramar». Dúas das licenzas son para traballar en «Barcos marítimos» e noutra o destino é ambiguo.

AS PROFESIÓNS DECLARADAS

Das profesións que se declaran nos expedientes, cousa que poucas veces sucede, un total de sesenta e nove varóns din ser empregados, dependentes ou dedicarse ao comercio. Mellor dito, que emigran para «dedicarse al comercio», o que non quere dicir que tivesen esa profesión. Moitos destes son nenos de dez a catorce anos, con estudos primarios realizados e que quizais teñen algún familiar ou coñecido con comercio no país de destino, como testemuña a declaración de intencións: «dedicarse al comercio en compañía de....».

A profesión que segue en cantidade é a de labrador e variantes («bracero del campo», «labores del campo», xornaleiro, traballos agrícolas) cun total de vintenove homes. Como estudantes ou «educandos» figuran dezasete. Unha ducia de varóns teñen como profe-



LA BANDERA ESPAÑOLA
 LINEA DE VAPORES CORREOS ESPAÑOLES ENTRE LA
 CORUÑA Y LAS ANTILLAS

Para la Habana, Matanzas, Sagua la Grande, Caibarien, Santiago de Cuba y Cienfuegos, saldrá el día 11 de Agosto el magnífico vapor

GALLEGO

Capitán D. J. B. Arribalzaga.
 Admite carga (inclusos frutos del país, como patatas, cebollas, etcétera, etcétera,) y pasajeros, á quienes se ofrece el esmerado trato que tiene acreditado la Empresa.
 Para más informes diríjase á su consignatario, D. Juan Mayor Rivas, Marina, 25 principal.—La Coruña.

Vapores-correos de la Comp. Transatlántica

ANTES DE S. LOPEZ Y COMPAÑIA
 Servicio para Puerto Rico y Habana
 Servicio para Colon y Pacifico.

Salidas de	Barcelona los días 4 y 23	de cada mes.
	Valencia " 6 y 25	
	Madrid " 10 y 29	
	Cádiz " 14 y 30	
	Coruña " 18	

Los vapores que salen los días 4 de Barcelona y 16 de Cádiz toman en las Antillas (San Juan de los Rios) además de carga y pasaje para dicho punto. Los que salen los días 23 de Barcelona y 30 de Cádiz, y los que salen el día 6 de Santander y el 11 de Coruña, orlados con servicios auxiliares de la misma Compañía Transatlántica, en colaboración con el ferrocarril de Panamá y el vapor de Puerto Rico, toman carga á este puerto para los siguientes puertos:

Litoral de Puerto Rico.—San Juan de Puerto Rico, Mayaguez, Ponce y Aguadilla.

Litoral de Cuba.—Santiago de Cuba, Gibara y Sancti Spiritus.

Acción central.—Sobania, Cien y todos los principales puertos del Pacífico, como Punta Arenas, San Juan del Sur, San José de Guadamuz, Chagorri, Salina Cruz.

Puerto del Ecuador.—Todos los puertos principales desde Panamá á California, como Anquillo, Manzanillo, Mazatlan y San Francisco de California.

Mar del Pacífico.—Todos los puertos principales desde Panamá á Euzembo como Huarazcote, Otaguani, Pajita, Callao, Arica, Iquique, Calera, Coquimbo y Valparaiso.

Bahías de Brasil.—Puertos en los cuales se paracen de la G. B. Habana por puertos de ida y vuelta.—El precio de la primera clase para Habana, Puerto Rico y sus litorales, 245 duros.—De tercera preferido con mas comodidad, á poco G. B. para Puerto Rico y G. B. poses para Habana.
 Consignatario en Coruña, E. L. da Guardia.

*Nesta páxina e nas seguintes:
 publicidade de empresas marítimas
 no xornal La Voz de Galicia no ano 1882.*

sión carpinteiro e oito a de xastre (un deles aprendiz). Tres dedícanse á relojería (un deles como aprendiz) e un declárase «platero». Chama a atención atoparmonos con tres «escribientes» e un «curial». Mentres que para dedicarse teoricamente á construción (un sector que debía ter demanda de man de obras nas grandes cidades) só vemos un albanel e un aprendiz de pintor.

No caso das mulleres, costureira ou modista é a profesión declarada por dezoito, mentres que a de traballadora doméstica (nas diferentes acepcións de «sirvienta», «criada» ou «doméstica») é a profesión de doce delas. Nalgúns casos apúntase que van adicarse a «faenas propias del sexo» ou «profesiones del sexo».

DOBLE EMIGRACIÓN

Nuns poucos casos (cincoenta e tres dos cincocentos dezasete, é dicir un 10,2%) observamos que os emigrantes figuran como nados fora de Betanzos, ben en concellos limítrofes da comarca das Mariñas, noutras localidades da provincia coruñesa ou noutros puntos de Galicia, ou ben —apenas tres casos— fóra de Galicia.

Estariamos, pois, diante dunha dobre emigración que traería a esas persoas a Betanzos para rematar posteriormente marchando a América.

Isto semella patente nos casos das persoas procedentes dos concellos limítrofes con Betanzos (Paderne, Oza, Abegondo, Coirós, non tanto no caso de Bergondo) que nunha primeira etapa emigratoria asentariáanse na vila betanceira e nunha segunda emigrarían a América. Tamén hai casos (que non cuantificamos) de emigrantes nados en Betanzos, fillos de pais foráneos (sobre todo dos concellos limítrofes), como a rapaza emigrante que inaugura a serie, neste caso filla de pais asturianos, segundo dixemos anteriormente.

Dos cincoenta e tres casos, trinta e un proceden de concellos das Mariñas, mentres que once son do resto da provincia, seis doutros puntos de Galicia e só tres de fóra de Galicia. Destes últimos, un é un nado en Cuba, fillo de emigrantes, que retorna á illa caribeña.

OS RECLAMOS: AS CARTAS

Sen dúbida, as fortunas acadadas por algúns veciños de Betanzos, especialmente en Buenos Aires, caso dos Bernardo Carro Naveira, Manuel Naveira González e Juan e Jesús García Naveira, funcionaron como «efecto chamada» para moitos emigrantes a finais do século XIX. Tamén a presenza doutros familiares ou coñecidos, mesmo veciños da parroquia ou barrio, facía a función de reclamo para moitos.

As esposas e fillos tiñan que ser «reclamados» polos maridos e pais, como xa dixemos. Facía falla unha carta destes, dando consentimento para a marcha, que elas tiñan que amosar e adxuntar á documentación a presentar á alcaldía. Dúas destas cartas consérvanse entre os expedientes.

Cosido co expediente e co legaxo atópase a carta que o emigrante José Aldao dirixe á súa esposa en 1899, e que transcribimos a continuación textualmente:

D^a Manuela Rodríguez Naya
Buenos Aires Agosto 6-1899

Querida y estimada esposa. No puedes imaginarte los deseos que tengo de verte al igual que los niños, pues aquí por mas que dice esta mal, para el que trabaja y tiene afán al trabajo no le falta en que ocuparse, mira tu si yo lo sabré bien.

Nunca mejor ocasión que ahora que viene jente conocida y nuestros sobrinos de Bergondo y así puedes venir en el primer buque que se presente, arreglando todo perfectamente, y de tal suerte prodemos hacer algun medio para nuestra vejez.

Los niños ya tengo donde colocarlos y así no perder la ocasión. Como ya em las anteriores te dije lo bastante respecto al embarque nada mas tengo que añadir, sino que deseo pronto abrazaros.

Darás un abrazo á los tios y que no se disgusten pues no dudo tendré la dicha de abrazaros luego en de este tu afm. que os espera con ansia.

José Aldao

Me dirás el nombre del Barco para pasar esperar.

Eis a reprodución da segunda carta que se conserva, a que lle enviaba Rafael Cachaza á súa esposa Francisca Pérez Torres, quen se dispuña a marchar xunta del cos catro fillos do matrimonio:

ANUNCIOS MARÍTIMOS



VAPORES CORREOS D.L. MARQUÉS DE CAMPO

PRIMERA Y ÚNICA LINEA REGULAR DE VAPORES-CORREOS
Entre Liverpool, la Península y Manila
POR EL CANAL DE SUEZ

Vapor mensual mensual desde el puerto de LIVERPOOL. A las de la
CORUNA, PARA SANTANDE BURGOS, VALPARAISO, SAN-
CRISTOBAL, PANAMA, SINGAPORE, Y MANILA.

El vapor

MAGALLANES

Saldrá del puerto de Coruña el 16 de Abril para Vigo y demás escalas hasta Manila.

Admite carga y pasajeros para dichas puertos.

NOTA.—El despacho de billetes se cierra la víspera de la salida.

Compañía en la Coruña, Sres. HAYES Y ALONSO, Real No. 18, principal.

MENSAJERIAS MARÍTIMAS

PAQUETES-CORREOS FRANCESES

SERVICIO DEL OCEANO ATLANTICO

SALIDAS DE LA CORUNA EL 7 DE CADA MES

El día 7 de Mayo de 1899, hacia en la Coruña para LISBOA, DAKAR, MONTEVIDEO Y BUENOS-AIRES, el siguiente vapor

CONGO

Sin cuarentena en Montevideo y Buenos-Aires

De 5.000 toneladas y fuerza de 100 caballos.

Admite correspondencia, pasajeros y carga.

Informarse respecto a dichas posturas, en la Coruña los agentes de a cargo, Sres. Horee y Abian, Real, 72.

VAPORES CORREOS DEL MARQUÉS DE CAMPO.

PARA SANTANDE BURGOS Y LIVERPOOL.

Saldrá de este puerto el 16 de Abril el vapor correo:

VERACRUZ

Admite carga y pasajeros para dichos puertos.

Compañía en la Coruña, Sres. HAYES Y ALONSO.—RUA NUEVA 19 PRINCIPAL.

THE PACIFIC STEAM NAVIGATION COMPANY.

PAQUETES CORREOS INGRESOS

Salida mensual de la Coruña.

Para Lisboa, Pernambuco, Bahía, Rio-Janeiro, Montevideo, Buenos-Aires y demás puertos hasta Valparaiso.

Saldrá de este puerto el 7 de Mayo de 1899 el siguiente vapor

VALPARAISO

De 4.000 toneladas y fuerza de 100 caballos.

Admite correspondencia y pasajeros de primera, segunda y tercera.

De 100 toneladas y fuerza de 100 caballos.

Compañía en la Coruña, Sres. HAYES Y ALONSO, Real No. 18, principal.

Para Rivas de Gijón, Santander y Bilbao.

Saldrá de este puerto el 14 del mes de Mayo el vapor correo:

FOMENTO.

Admite carga y pasajeros.

Compañía en la Coruña, Sres. H. J. Hayes y Alonso, Real No. 18, principal.

TORRE Y CAPELLA

PAQUETES CORREOS INGRESOS

Salida mensual de la Coruña.

Para Lisboa, Pernambuco, Bahía, Rio-Janeiro, Montevideo, Buenos-Aires y demás puertos hasta Valparaiso.

Saldrá de este puerto el 7 de Mayo de 1899 el siguiente vapor

VALPARAISO

De 4.000 toneladas y fuerza de 100 caballos.

Admite correspondencia y pasajeros de primera, segunda y tercera.

De 100 toneladas y fuerza de 100 caballos.

Compañía en la Coruña, Sres. HAYES Y ALONSO, Real No. 18, principal.

Para Rivas de Gijón, Santander y Bilbao.

Saldrá de este puerto el 14 del mes de Mayo el vapor correo:

FOMENTO.

Admite carga y pasajeros.

Compañía en la Coruña, Sres. H. J. Hayes y Alonso, Real No. 18, principal.

Anuario Brigantino 2012, n.º 35

191



O porto de Bos Aires nun gravado de 1887.

Buenos Aires a 8 de Setiembre de 1906

Pues querida esposa he recibido la tuya con la fecha del mismo y veo que estais todos con salud de lo que me alegra mucho que te halles tan buena tu y nuestro hijos pues de lo que me dices de te venir para esta estoy conforme en cumplirte tus deseos arreglate cuanto mas antes y te vales de mi hermano Andres para que te ande y que te tase

lo que vales las anadas y los muebles y pones todo a la venta y reduces algun dinero que tu tengas y si no te llega el dinero que reduces que te pnga alguna cosa que falte mi hermano Andres que a la llegada a ésta le mandare la plata que te falta porque te la mandaba ahora pero está el cambio muy caro y haber si mientras tu reduces tu viage se pone arreglado: eso es lo que esperamos todos los que estan en la América me mandas el nombre del vapor y que día es el que sales de Coruña para yo esperarte en el muelle.

Sin mas le darás recuerdos a mi hermano Andres y tu recibes el mas tierno corazun de este tu esposo que lo soy.

Rafael Cachaza

O ASOCIACIONISMO: CONSTITUCIÓN DO CENTRO BETANZOS EN 1905

A emigración betanceira acadará a constituír sociedades propias nas dúas cidades onde o continxente emigratorio foi maior: Bos Aires e A Habana.

Rematando o ano 1905, o 5 de decembro, constitúese oficialmente a sociedade «Hijos de Betanzos» en Bos Aires que aprobou os seus estatutos na asemblea xeral celebrada o 25 de xaneiro de 1906. Estes foron publicados no semanario betanceiro *La Defensa* ao ano seguinte.

Contou cun local social no nº 700 da rúa Victoria, nun principio, e logo no 173 da rúa Bolívar. O seu primeiro presidente foi Luis López Páez, importante empregado dunha casa comercial importadora vencellada aos irmáns García Naveira, que mesmo fai viaxes a Europa para efectuar compras para ela.

Cos anos a sociedade pasa a denominarse Centro Social Betanzos e, ao unificarse co Centro Cultural Betanzos, que funcionou durante os anos da II República, e coa entidade parroquial Hijos de Requián y Piadela, pasará a denominarse despois da guerra civil Centro Betanzos, nome que mantén hoxe en día. Por máis de medio século a súa sede estará nunha ampla casa señorial da rúa México 1660, en pleno centro da capital. Na actualidade a asociación conta cun local social na rúa Venezuela, non lonxe daquela, que é propiedade do Concello de Betanzos.³

Sostiveron os emigrantes betanceiros en Bos Aires algúns órganos de comunicación propios. Así, Hijos de Betanzos publicou entre 1910 e 1911 a revista *Las Mariñas*, e tanto o

Centro Social como o Centro Cultural editaron cadansúa revista anual nos anos trinta, como tamén o fixo o Centro Betanzos en moitas ocasións, aínda que non todos os anos, sempre coa cabeceira *Betanzos* ata os anos oitenta.

Tamén na Habana constituírase en novembro de 1912 (ano que xa cae fora do noso traballo) a sociedade «Hijos de Betanzos y su Partido», cunha primeira directiva composta de comerciantes e persoas vencelladas ao comercio, presidida por Alfredo Dopico Pérez. Desta entidade existe menos documentación e información.



Xuntanza de betanceiros no bosque bonaerense de Palermo en 1897, precursora do Centro Betanzos

ALGÚNS EMIGRANTES COÑECIDOS

Entre os expedientes consultados atopamos os nomes de emigrantes coñecidos, mellor dito emigrantes que logo chegarían a ser coñecidos na vida local pola relevancia social que acadaron: os irmáns García Naveira, Jesús e Juan; o fillo deste, Juan Jesús García Iribarne; Gonzalo González, «o cubano»; o nacionalista Xosé Ares Miramontes, «irmán da fala»; o concelleiro republicano Ricardo Bonome; o tamén concelleiro e breve alcalde republicano Novo Rodríguez... Tamén os de fillos de persoas que tiñan certa relevancia na vida local.

Por iso pensamos que, entre tantas persoas humildes e anónimas, paga a pena deternos nos casos destes personaxes que no seu momento tamén foron humildes e anónimos.

Os García Naveira

Dos recoñecidos filántropos Juan e Jesús García Naveira, que conseguiran facer unha gran fortuna na Arxentina, o primeiro en emigrar foi o maior, Juan, quen segundo os seus biógrafos fíxoo en 1869 aos vinte anos de idade.⁴

Lamentablemente o expediente de don Juan non se conserva, cousa que si ocorre co do seu irmán Jesús e tamén co do fillo daquel, Juan Jesús.

Os pais destes irmáns eran os veciños de Betanzos José García Camposa e Joaquina Andrea Naveira López, modestos labradores que cultivaban as propias terras e eran coñecidos polo alcume de «os Subela». O pai faleceu aínda xove e a nai voltou casar co seu cuñado Eduardo, varios anos máis novo ca ela, co que tamén tería descendencia, incluso antes de casaren.

Don Juan naceu o 16 de maio de 1849 e foi bautizado na igrexa de Santa María do Azougue cos nomes de Juan María. Acudiu por pouco tempo á escola pública e traballou na agricultura nas fincas familiares. Nas biografías que empregamos dise que en 1869 emigrou á Arxentina traballando en diversas actividades comerciais. Consciente da súa escasa formación frecuentou clases nocturnas ata adquirir unha certa cultura que

incrementou de continuo. Mais esa data hai que adiantala, pois con vinte anos non podía emigrar e novos datos veñen a poñela en dúbida, como imos ver a continuación.

Ata agora a biografía de don Jesús asentaba que era catro anos máis novo que o irmán e que nacera na mesma casa paterna o 14 de xuño de 1853. A súa vida ata o momento de emigrar transcorreu similar á do irmán. Este momento chegou en 1871, cando tiña dezoito anos, animado polo seu irmán. Dende entón, e ata a morte de don Jesús, os dous irmáns estiveron asociados nas actividades comerciais, agrarias e financeiras que emprenderon e mesmo nas obras benéficas que desenvolveron na cidade natal. Sen embargo na acta de licencia otorgada por súa nai, que figura no expediente de emigración, esta ten lugar o 30 de setembro de 1868. Ademais asegura que o fillo ten 16 anos e na copia da partida de bautizados na parroquia de Santa María do Azogue dise que naceu o 11 de setembro de 1852 e que se rexistrou cos nomes de Jesús Andrés Francisco. Polo tanto, a data de nacemento e a idade de emigración de Jesús adiantábase á que tiñan dado os seus biógrafos e, en consecuencia, tamén a do irmán maior Juan se este, efectivamente, marchou antes. Tamén hai que poñer en cuestión que a casa natal dos irmáns fose o número 53 (actual 47) da rúa da Ribeira que dan os seus biógrafos, pois, se ben viviron nela posteriormente, naceran nos Soportais do Peirao, tal como figura no libro de nacementos, e alí aparecen censados nos padróns municipais de 1857 e 1858.⁵

Os irmáns García Naveira foron, como é ben sabido, os grandes benefactores de Betanzos coa financiación de obras e entidades en campos que estaban descoidados ou abandonados polo Estado e os gobernos: o ensino primario e a asistencia sanitaria e social dos anciáns. A atención á infancia e aos anciáns, os seres máis desvalidos da sociedade foi unha das súas prioridades. Ademais contribuíron a paliar o paro obreiro dando traballo en épocas críticas e contribuíndo á formación dos obreiros, que se exercitaban no emprego do cimento e doutras técnicas e materiais, mesmo facilitándolles a asistencia a clases nocturnas.

As fundacións que crearon conxuntamente foron un lavadoiro público gratuito (inaugurado en 1902, á beira do Mendo, nas Cascas, con uso preferente para as lavadeiras profesionais, aínda existe hoxe), e a fundación en 1908 do Patronato benéfico-docente «García Hermanos» que englobaba un Asilo de anciáns (inaugurado en 1912) e as Escolas de nenos e nenas (inauguradas en 1914, tiveron a súa etapa de esplendor nos anos vinte e trinta, manténdose despois con vida lánguida ata os comezos da década dos anos oitenta).

Don Jesús casou moi novo en Buenos Aires con Carmen Etcheverría Olaverri, de familia vasco-arxentina, matrimonio que non tivo descendencia, aínda que adoptaron unha nena. Adquiriu unha boa formación cultural e desempeñou postos de releve social e profesional no mundo das finanzas tanto na Arxentina como en Madrid. Faleceu a consecuencia dun accidente de circulación na localidade arxentina de San Nicolás de los Arroyos o 24 de marzo de 1912. Os seus restos foron trasladados a Betanzos en 1917. Á súa morte deixou para a cidade natal diferentes legados: para as Escolas e o Asilo que co-fundara co seu irmán, para a construción dunha nova escola municipal que levou o seu nome (hoxe gardaría municipal); para as sociedades obreiras de Betanzos, que construíron con el unha «Casa del Pueblo» (incautada e privatizada no Franquismo), e unha cantidade para duascenas familias pobres de Betanzos.

Don Juan casou con María Iribarne Lascort (tamén de familia vasco-arxentina) coa que tivo tres fillos: Águeda, Joaquina e Juan Jesús. Cara 1893 regresou a Betanzos coa súa familia. Don Juan sobreviviu máis de vinte anos ao seu irmán e a súa vida (viaxes aparte) desenvolveuse en Betanzos dende o regreso da Arxentina, onde levou a cabo aínda máis

obras benéficas en solitario: outro lavadoiro público nas Cascas no ano 1912 (demolido en 1960), o «Refugio para niñas anormales físicas» (inaugurado en 1923, actual Centro Pai Menni), o sanatorio San Miguel no Coto (construído en 1930, no seu solar está hoxe a actual Residencia de anciáns «García Hermanos»), diversas melloras no Hospital de San Antón e ao longo de varias décadas (comezouna en 1892) a súa obra onírica e fantástica do parque recreativo «El Pasatiempo». Don Juan faleceu, xa viúvo, en Betanzos aos oitenta e tres anos o 9 de marzo de 1933.

Existe, ademais, un terceiro irmán García Naveira emigrado tamén á Arxentina do que nunca se falou. Trátase de José Ricardo, nado en 1858. En 1872, o seu padrastro Eduardo García Camposa (irmán do pai, que casara coa súa nai viúva) concédelle licenza «para poder pasar a Buenos Ayres» e dedicarse «á ganar su subsistencia toda vez cuenta la edad de catorce años». Non hai, porén, na súa documentación, referencia aos seus outros irmáns.

Dúas criadas dos García Naveira

Para rematar cos García Naveira sinalaremos o caso de dúas criadas dos irmáns. En novembro de 1892 o pai da moza solteira Dolores Gondell Villaverde, servinte, de vinteún anos, dalle autorización para emigrar á Arxentina «en compañía de su amo ó principal don Jesús García Naveira y familia.»

E ao ano seguinte, 1893, María Manuela Otero Manivesa, solteira de trinta e nove anos, «sirvienta doméstica de D. Juan María García Naveira», natural de San Cristovo de Muniferral no concello de Aranga e veciña da cidade de Buenos Aires, «de donde regresó para esta Ciudad en Mayo del corriente año en la que se halla residiendo desde dicha fecha», manifesta e solicita autorización para «regresar a Montevideo (sic) con su hijo natural José María Otero de doce años de edad, natural de dicha de Muniferral y residente en esta Ciudad, en el Vapor Alemaman (sic, Alemán) Baltimore que sale de la Coruña el nueve del mes entrante...»

Todo parece indicar que esta muller era servinte de don Juan e familia en Buenos Aires e que os acompañou na viaxe de retorno e nos primeiros meses de instalación en Betanzos, para logo regresar co seu fillo a Buenos Aires (aínda que na acta di Montevideo, quizá por dirixirse o barco alemán a aquel porto).

O fillo de don Juan

En novembro de 1906, Don Juan María García Naveira, «propietario», concédelle licenza ao seu único fillo varón, Juan García Iribarne, de vinteún anos, para viaxar á Republica Arxentina, seguramente para atender negocios familiares. Alí atopábase (polo menos en longas temporadas intermitentes alternadas con viaxes a Europa) o seu tío Jesús.

Juan Jesús (levaba os nomes do pai e do tío, aínda que entre os paisanos betanceiros era coñecido por don Jesús e aínda don Jesús o Subela, alcume familiar) García Iribarne naceu na Arxentina, como as súas irmás. Dedicouse aos negocios familiares, fixo viaxes de formación por Europa (en 1903 estivo en Alemania), e viviu en Bos Aires, Madrid e Betanzos. Casou coa betanceira Magdalena Etchevarría Naveira (da familia da banca e fábrica de curtidos) e non tiveron descendencia.

En 1933 foi un dos organizadores en Betanzos da Unión Regional de Derechas –que logo confluirá na CEDA- sendo «vecino de Madrid, con residencia en la ciudad de Betanzos»

Despois do golpe militar de xullo de 1936, o 12 de novembro é nomeado polo Delegado gubernativo, 1º tenente de Alcalde e Alcalde un par de meses despois. O seu compromiso co «Alzamiento» era patente, donando 400.000 pesetas (unha fortuna na época) para a

causa e recibindo (ao igual que a súa irmá Águeda) a visita no seu domicilio do xeneral xefe da Octava Rexión Militar para testemuñarlle o seu agradecemento polas xenerosas aportacións. Presidiu durante anos a Unión Territorial de Cooperativas del Campo. Faleceu en Betanzos o 24 de abril de 1966.

O xornalista Severo Ares Mancera

En 1874 este mozo de dezaseis anos embarca cara Bos Aires con licenza da nai viúva «con objeto de mejorar de fortuna». Severo naceu en Betanzos o 11 de xullo de 1858, na Ponte Nova. Pola parte da nai a familia procedía de Cádiz e pola paterna eran da parroquia betanceira de Santa María do Azogue.

Posteriormente, debeu trocar de país e instalarse en Cuba, de onde regresaría a Betanzos en 1883. Sabémolo polo seu poema «Al partir de Cuba para España. A Dios», datado na Habana o trinta de maio dese ano e publicado uns meses despois en *El Censor* (nº 8, 15-XII-1883), periódico que viña de aparecer inaugurando a historia da prensa local o mesmo ano que se inaugurou o ferrocarril. Neste periódico escribiu artigos de fondo, crítica de teatro e algúns poemas. Entre estes o único texto en galego que apareceu nas súas páxinas, «A unha nena nas veiras do río Mera. Recordos», unha excepción dentro da súa produción literaria. Colaborou logo noutros periódicos locais como o semanario *Las Riberas del Mendo* e os diarios *El Valdoncel* e *El Mendo*, empregando nalgunha ocasión o pseudónimo «Pé de Pote». Foi tamén autor de apópsitos carnavalescos e un grande animador da vida social do Liceo Recreativo, participando nas veladas desta sociedade con poemas e traballos literarios da súa autoría. O seu irmán Constantino, perito agrícola, tamén compartía as súas afeicións xornalísticas e literarias.

«Don Severito», como era coñecido popularmente, morreu na cidade natal contando cincuenta e cinco anos, o dezasete de xaneiro de 1913, por mor da gripe.⁶

O fillo do alcalde de Burgos

Chamounos a atención atopar no expediente do mozo Bricio Caramés Valle de Paz a acta de licenza outorgada polo seu pai, «Alcalde Constitucional interino» de Burgos e «Jefe Económico» da provincia, cargos que desempeñou entre 1880 e 1881.

A razón estaba en que o mozo, de dezaoto anos, residía en Betanzos, ao igual que outros membros da familia, mentres que o pai desempeñaba os citados cargos en Burgos. A familia Caramés era significada en Betanzos; un dos seus membros, Hipólito Caramés, era «cura Rector Ecónomo» da parroquia de Santiago e o ostentoso panteón familiar foi obxecto de polémica na prensa local cara os anos noventa.

Don Bricio María Caramés García desempeñou varios cargos administrativos, os máis deles relacionados co ministerio de Facenda, e políticos en diversos lugares do estado español: Salamanca, Baleares, Valladolid, Burgos, Teruel, Barcelona e Ourense, destino este no que se xubilou en 1886.⁷

O mozo Caramés Valle de Paz dirixiase á illa de Porto Rico, colonia española daquela, como «empleado», quizá para desempeñar algún emprego oficial. Despois dedicouse ao comercio na Habana, cidade onde faleceu en 1912, deixando viúva e fillos. Unha notiña necrolóxica destacaba que era irmán do Presidente da Audiencia provincial de Lugo e cuñado dun avogado de Cádiz, razón esta pola que a devandita notiña aparecería no xornal gaditano *El correo de Cádiz* (nº 918, 19-IX-1912).⁸

Gonzalo González «o Cubano»

O 13 de setembro de 1892 outórgalle o pai «acta de licencia y consentimiento» ao mozo de dezasete anos Gonzalo González González para marchar á illa de Cuba (Habana) «con el fin de unirse á otros hermanos que allí tiene y dedicarse al comercio como ellos». En efecto, na Habana xa estaba ou seu irmán maior e padriño Leopoldo.⁹

Este home, Gonzalo González, que se desempeñou con notorio éxito no comercio habaneiro e formou unha extensa familia, regresaría a Betanzos, onde instalaría unha ferretería na Rúa Travesa por 1935, faría algún labor filantrópico e desempeñaría algún cargo público na postguerra. E sería para os seus conveciños «o Cubano» por antonomasia.

Na acta aparecen descritas os seus sinais persoais de adolescente: «Estatura corta = color bueno = pelo castaño = cejas id. Ojos claros = cara larga = barba lampiño, sin señas particulares.»

Recentemente, grazas a un traballo de Marta González Rodríguez e Lucía Golpe González (descendentes súas), publicado no *Anuario Brigantino* de 2010, soubemos algo máis sobre a vida e actividades deste destacado home de negocios betanceiro.¹⁰

Gonzalo nacera en 1875 na casa número 22 da 3ª venela da Cortaduría (actual rúa dos Irmandiños), terceiro de cinco irmáns, fillo duns pequenos comerciantes. Na Habana foi propietario de diversas empresas, algunhas adquiridas en subastas, que logo sacaba a flote. Casou tres veces. A primeira coa cubana Ana González Cabrera, coa que tivo sete fillos, e que faleceu precisamente en Betanzos no seu derradeiro parto no andazo de gripe de 1918. En segundas nupcias coa eumesa Petra Naveira Roel, coa que tería o fillo menor. E en terceiras coa viúva barcelonesa Carmen Soley Soler.

En 1922 a corporación municipal acordou darlle o nome de Ana González á rúa de San Francisco en agradecemento, e a petición do seu viúvo Gonzalo, por ter este financiado as obras de pavimentación da rúa.

En 1931 fixou a residencia en Betanzos, aínda que non deixará de facer viaxes por razóns de negocios. Tras a guerra civil forma parte da primeira corporación municipal da Dictadura como 3º tenente de alcalde, logo de 2º e finalmente asumiría durante uns meses a Alcaldía ao cesar Juan Jesús García Iribarne.

Gonzalo «o Cubano» faleceu aos 78 anos, o 16 de outubro de 1953, atropelado por un autobús, precisamente na Habana con motivo dunha viaxe realizada para liquidar algunhas propiedades.

Os fillos do mestre don Ezequiel

Don Ezequiel Suárez Blanco (Santiago, 1849 - ACoruña, 1927) foi mestre da escola pública de nenos de San Francisco de Betanzos a finais do século XIX e principios do XX. Á cidade do Mandeo chegou procedente da vila de Mugar dos. Don Ezequiel debeu chegar a Betanzos por 1890 para comezar o curso 1890-1891. Foi mestre de varias promocións e, entre outros, de Vales Villamarín¹¹ e do galeguista emigrado Xosé Ares Miramontes, quen deixou unha pequena lembranza do seu mestre¹². Na súa estada betanceira publicou nos obradoiros locais varios opúsculos sobre regras prosódicas e ortográficas, regras de Aritmética e varias asignaturas da Instrución primaria elemental.¹³ Tivo unha ducia de fillos: seis do primeiro matrimonio con Soledad Arenas Eibas, e outros seis do segundo casoiro con Carolina Ricoy González, que tamén fora mestra da escola de Mugar dos. Os dous máis novos, Carolina e Constantino, naceron en Betanzos. A case todos os varóns –nada menos

que sete-foinos enviando para Cuba moi noviños, supoñemos que unha vez realizados os estudos primarios, ao cumprir os catorce anos.

Durante a súa estadia en Betanzos foron varios os fillos que emigraron. De alomenos catro deles figuran os expedientes. Así, en 1892 dalle licencia ao fillo Miguel Suárez Arenas para marchar á illa de Cuba a dedicarse ao comercio. En 1900 emigra tamén á illa antillana Rogelio Pastor Suárez Ricoy, natural de Mugarbos, «para dedicarse al comercio al lado de parientes que allí tiene.» En 1903 faino Evaristo, que tamén nacera en Mugarbos, e ao ano seguinte tamén Gerardo. Sobre Evaristo escribiu don Ezequiel o seguinte nuns lacónicos apuntamentos familiares: «Falleció en La Habana, en una revolución, suceso que no fué patentemente manifestado.»¹⁴

Non foi don Ezequiel o único mestre en mandar os fillos á emigración. Outro mestre de Instrución Primaria, don Leonardo Rodríguez Noguerol, de trinta e sete anos, enviaba tamén por esa época a un fillo á emigración: Horacio, de catorce anos, para dedicarse ao comercio na illa de Cuba ao lado de parentes.

O fillo do impresor Castañeira

Un fillo do impresor Lope Castañeira, do mesmo nome que o avó fundador, emigrará tamén á illa de Cuba en 1893, cortándose así quizais a posibilidade de que a pioneira imprenta betanceira tivese continuidade por outra xeración.

A primeira imprenta de Betanzos fora instalada en 1851 por Joaquín Castañeira Couceiro (1812-1882) e continuada polo seu fillo Lope Castañeira (1842-1885), pola viúva deste Francisca Seoane e polo segundo esposo desta, Bernardo Boni. Nesta vella imprenta (pois xa fora mercada a unha imprenta de Lugo que se desfixera) imprimiuse –ademais de folletos e algún libro– unha boa parte da prensa local de finais do século XIX e comezos do XX.¹⁵

O mozo Joaquín Castañeira Seoane ten dezasete anos, é estudante e conta dedicarse ao comercio ao lado duns parentes, fórmula tantas veces repetida nestes expedientes. Na descrición dos seus sinais persoais dise: «estatura regular, pelo rubio, ojos azules, nariz regular, boca idem, color bueno, con la particular de ser vizco del ojo derecho». Quizá esta particularidade impidiulle dedicarse ao negocio familiar e darlle continuidade xeracional.

A licenza outórgalla súa nai, Francisca Seoane, quen seguiu á fronte da imprenta á morte do seu home Joaquín. Dona Paca (como lle chamaba o cronista Vales Villamarín, quen a coñeceu) estaba agora casada en segundas nupcias con Bernardo Boni, a quen lle levaba bastantes anos. Este emigrará tamén co seu fillastro, aínda que del non se conserva o expediente.

Por 1913 Joaquín era o secretario da sociedade «Hijos de Betanzos y su Partido», recién creada polos emigrantes en Cuba, e antes servira alí como voluntario no Batallón de Guanabacoa, 1ª Compañía, polo 1897. Tamén era membro da Asociación Iniciadora y Protectora da Real Academia Gallega por 1915, último ano no que temos noticias del

Non pararía, en cambio, tantos anos na illa o seu padrastro Bernardo Boni. De regreso en Betanzos, volta a funcionar o obradoiro e a imprimir, animar e financiar prensa local, aínda que por pouco tempo.

O «irmán da fala» Xosé Ares Miramontes

En outubro de 1906 levántase acta da licencia para emigrar á República Arxentina a Peregrina Miramontes Ferreiro e os seus fillos Eugenia, María e José Ares Miramontes. A nai, de sesenta e un anos, e os fillos de vinteún, dezasete e trece, respectivamente. A licenza

outórgaa o cabeza de familia José Ares Barbeito, labrador, tamén de sesenta e un anos coma a súa muller.

Este mociño Xosé Ares Miramontes voltaría anos despois a Betanzos e participaría na fundación da Irmandade da Fala de Betanzos en 1917, tomaría parte na Asemblea Nacionalista de Lugo de 1918 con outros cinco betanceiros e asinaría xunto con eles o Manifesto da Asemblea dirixido «Ao pobo galego». Foi autor dunha obra de teatro titulada *Andacio, disparate cómico representable* que se estreou no teatro Alfonsetti de Betanzos o 3 de decembro de 1919 (cando o seu autor xa retornara á emigración), a cargo do cadro de declamación da Irmandade betanceira que tamén a representou noutras localidades. Tamén dalgúns poemas e artigos en lingua galega. Regresaría á Arxentina en 1919. Residiu en Rosario e alí colaborará na difusión da cultura galega, participando en organizacións galeguistas da emigración como a Irmandade Galega e a Peña Cultural Galega «Rosalía de Castro» de Rosario. Colaborou na revista *Céltiga*, fundada en Bos Aires no 1924, con debuxos e deseños da portada, algúns deles de recunchos e paisaxes de Betanzos. Algunhas colaboracións súas publicáronse no órgano do Centro Betanzos (tal a citada na nota 12). Faleceu en Rosario o 23 de xullo de 1976.¹⁶

O concelleiro republicano e comerciante Ricardo Bonome Seoane

En setembro de 1901 o pai, Ramón Bonome Golpe, retirado do Exército e con sesenta e seis anos, concédelle licencia a un Ricardo de catorce anos para marchar á illa de Cuba, «al lado de parientes que allí tiene». Uns meses despois, en maio de 1902, marchará tamén a súa irmá Elisa, costureira de vinte anos. Sen embargo, agora o pai figura como comerciante de profesión. A familia Bonome procedía de Melide, onde naceran pai e fillos, e debía levar pouco tempo en Betanzos.

Non sabemos cando regresou Ricardo de Cuba. Estableceuse como comerciante en Betanzos, de socio do seu parente Abarrategui, cunha administración de lotaría e comercio de panos na Praza. Axudou a promover e foi directivo da Sociedade de Socorros Mutuos «La Benéfica», fundada en 1922, e do Círculo Mercantil e Industrial creado en 1930.

Formou parte das organizacións políticas Acción Republicana e da O.R.G.A. (logo integrada en Izquierda Republicana) e foi concelleiro e 2º tenente de alcalde durante a República, formando parte do goberno agrario-socialista, sendo destituído durante o «bienio negro». Parece que pertenceu a unha pequena loxa masónica local.

Despois do golpe militar de 1936, Bonome conseguiu salvar a vida, permanecendo agochado, ata que en 1945 se presentou ás autoridades xunto co ex-alcalde e ex-deputado Ramón Beade, cando a situación se amosou permisiva cos non incurso en delitos de sangue. Ricardo Bonome (que nalgún documento figura Bonhome) faleceu en Betanzos en 1962.¹⁷

O xastre e alcalde José Novo

Outro político da etapa da II República, José Novo Rodríguez, coñecido polo alcume de «O Ánimas» foi tamén emigrante dende a máis tenra idade.

En 1893, a súa nai Felicidad Rodríguez Pandelo, de 22 anos, partía para A Habana reclamada polo esposo e levando consigo ao seu fillo de dezaioito meses José María. O cabeza de familia, Joaquín Novo Lagoa, era xastre, oficio que transmitirá ao fillo, e este tamén a algún dos seus.

Xa adulto, de regreso en Betanzos, establecido con xastrería na rúa Travesa (actual número 43), José Novo participou activamente na política local, formando parte da ORGA e

logo de Izquierda Republicana. Casara con Consuelo Varela Yáñez e tiñan cinco fillos que tamén rematarían emigrando á Arxentina á morte do pai.

Novo foi concelleiro da primeira corporación republicana e desempeñou o cargo de Alcalde durante case un ano (1932-1933) á morte do titular Víctor Montoto. En xullo de 1936 foi detido en Gutiriz xunto co alcalde Tomás López da Torre cando viaxaban xuntos coa pretensión de chegar a Asturias. Este sería fusilado tras consello de guerra sumarísimo. Novo foi levado ao cuartel da Garda Civil de Betanzos, para ser executado na madrugada do 29 de xullo de 1936 contra o muro do cemiterio de Betanzos. Tiña 44 anos. A súa tumba terreña no cemiterio municipal carece de calquer tipo de identificación e, curiosamente, atópase case en fronte da do seu amigo López da Torre.¹⁸

NOTAS

1. AMB: Carpeta 319. Expts. Relativos a emigración, 1863-1871.

Carpeta 320. Emigración. 1872-1874.

Carpeta 3388. Emigración. 1875-1893.

Carpeta 3389. Emigración. 1894-1902.

Carpeta 3390. Emigración. 1903-1931.

Nalgunhas carpetas hai documentos que non se corresponden exactamente con emigración. Así algúns están relacionados co servizo militar ou «Armada Nacional».

Na carpeta 319 figura un «Expediente formado sobre la remisión al Gobierno de Provincia de la nota ó relación de los extranjeros residentes en este Distrito».

2. De 1892 hai un mazo cosido con outros anos e algunhas actas dese ano están soltas.

Entre 1891 e 1907 existe un «Índice alfabético y por orden de fechas de las personas que desde dos de Marzo se han ausentado para la República Argentina e Isla de Cuba». A orde alfabética é por nomes, non por apelidos.

